



Estudos de Lingüística Galega

ISSN: 1889-2566

elgilg@usc.es

Universidade de Santiago de Compostela
España

López, Teresa

A literatura galega nas gramáticas do século XIX

Estudos de Lingüística Galega, vol. 8, 2016, pp. 147-166

Universidade de Santiago de Compostela

Santiago de Compostela, España

Disponível em: <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=305646595008>

- Como citar este artigo
- Número completo
- Mais artigos
- Home da revista no Redalyc

redalyc.org

Sistema de Informação Científica

Rede de Revistas Científicas da América Latina, Caribe, Espanha e Portugal

Projeto acadêmico sem fins lucrativos desenvolvido no âmbito da iniciativa Acesso Aberto

A literatura galega nas gramáticas do século XIX

Teresa López

Universidade da Coruña
t.lopez@udc.gal

Recibido o 15/03/2016. Aceptado o 25/04/2016

Galician literature in 19th century grammars

Resumo

Este traballo analiza pormenorizadamente a presenza da literatura nas gramáticas de Francisco Mirás (1864), Juan Cuveiro Piñol (1868), José Antonio Saco Arce (1868) e Marcial Valladares (1892, editada en 1970), con atención ao discurso sobre a literatura, ao uso de citas literarias e ás coleccións de textos. A análise das citas literarias permite concluír que a produción literaria contemporánea —fundamentalmente poética— non é utilizada para autorizar as propostas gramaticais senón para ser obxecto de censura ou comentario crítico, ocupando o espazo de autoridade a poesía popular como representación da lingua oral. As coleccións de textos, en espazos diferenciados e separadas da descrición gramatical, servirán como elemento de lexitimación da reivindicación lingüística e identitaria e contribuirán para o proceso de canonización literaria.

Palabras chave

Gramática, literatura galega, século XIX, Rexurdimento, Mirás, Cuveiro, Saco Arce, Valladares

Sumario

1. Introducción 2. As gramáticas do século XIX. 3. O discurso sobre a literatura. 3.1. O *Compendio* de Mirás. 3.2. A *Gramática* de Saco Arce. 3.3. *El habla gallega* de Cuveiro Piñol. 3.4. Os *Elementos* de Valladares. 4. As citas literarias. 4.1. O *Compendio* de Mirás. 4.2. A *Gramática* de Saco Arce. 4.3. *El habla gallega* de Cuveiro Piñol. 4.4. Os *Elementos* de Valladares. 5. As coleccións de textos. 5.1. O *Compendio* de Mirás. 5.2. A *Gramática* de Saco Arce. 5.3. *El habla gallega* de Cuveiro Piñol. 5.4. Os *Elementos* de Valladares. 6. Cabo.

Abstract

This article focuses on the analysis of discursive references to literature, literary quotations and text collections in the grammars by Francisco Mirás (1864), Juan Cuveiro Piñol (1868), José Antonio Saco Arce (1868) and Marcial Valladares (1892, published in 1970). By analysing literary quotations we can conclude that contemporary literary production — mainly poetry — is not used to support grammatical premises, but is the object of censorship or critical comments, whereas popular poetry, as a representative instance of oral speech, is treated as authoritative. Collections of texts presented separately from grammatical descriptions serve to legitimize both linguistic and identity claims, and contribute to the process of literary canonization.

Keywords

Grammars, Galician literature, 19th century, *Rexurdimento*, Mirás, Cuveiro, Saco Arce, Valladares

Contents

1. Introduction. 2. 19th Century Grammars. 3. Discourse about literature. 3.1. Mirás' *Compendio*. 3.2. Saco Arce's *Gramática*. 3.3. Cuveiro Piñol's *El habla gallega*. 3.4. Valladares' *Elementos*. 4. Literary quotations. 4.1. Mirás' *Compendio*. 4.2. Saco Arce's *Gramática*. 4.3. Cuveiro Piñol's *El habla gallega*. 4.4. Valladares' *Elementos*. 5. Collected texts. 5.1. Mirás' *Compendio*. 5.2. Saco Arce's *Gramática*. 5.3. Cuveiro Piñol's *El habla gallega*. 5.4. Valladares' *Elementos*. 6. Final comments.

1. INTRODUCCIÓN

Este traballo ten como obxectivo analizar a presenza da literatura galega nas gramáticas do século XIX, un asunto que apenas foi tratado nos diferentes estudos que abordaron a tradición gramatical, centrados principalmente na análise da descrición lingüística e do modelo de lingua que propoñen, aínda que si recibiu certa atención desde os estudos literarios, mais focada nas coleccións de textos que todas inclúen (Varela 2001, González-Millán 2003, Rábade 2004).

Centrarémonos nas obras que compoñen a convencionalmente aceptada como tradición gramatical galega: o *Compendio de gramática gallega-castellana* de Francisco Mirás (1864), a *Gramática gallega* de Juan Antonio Saco Arce (1868), *El habla gallega* de Juan Cuveiro Piñol (1868)¹ e os *Elementos de gramática gallega* de Marcial Valladares (1892)². Non consideraremos traballos gramaticais de concepción, alcance, características e condicións de difusión ben diferentes —os de Mariano Cubí y Soler (1861) e Manuel Rodríguez Rodríguez (1892-93; 1900)—, como tampouco nos deteremos noutras obras fundamentais para a fixación do estándar editadas nesta altura, os dicionarios (González Seoane 1992, Fernández Salgado 2000).

Analizaremos a presenza da literatura —cult a mais tamén popular— nas gramáticas, distinguindo entre o discurso sobre a literatura, as mencións a textos (e autores) e mais a utilización de citas textuais, e as coleccións de textos. Consideraremos tamén en que sección dos volumes se insiren estas referencias, se están integradas no discurso propiamente gramatical ou en seccións periféricas, así como a función que desempeñan, quer de modelo gramatical, quer de lexitimación das reivindicacións identitarias do Rexurdimento.

2. AS GRAMÁTICAS DO SÉCULO XIX

A pesar da súa condición desigual, as obras de Mirás, Saco Arce, Cuveiro e Valladares comparten algunhas características: foron concibidas e/ou publicáronse como obras exentas, están redixidas en español, e viron a luz nunha mesma década, a de 60 —coa excepción xa sinalada de Valladares—, conteñen unha sección de textos —fundamentalmente literarios— baixo diferentes denominacións e con distintos niveis de integración na obra, colocada de preferencia nas páxinas finais, ao tempo que teñen, todas, un certo “carácter misceláneo” (Freixeiro / Sánchez / Sanmartín 2005: 117).

Porén, son obras de moi diferente condición, tal como indican os seus propios títulos. O *Compendio de gramática gallego-castellana* de Mirás aspira a coleccionar o esencial da gramática galega tendo sempre como referencia a castelá e, en realidade, “Quer sere unha gramática teórico-práctica do idioma galego” (Carballo Calero 1981: 96). *El habla gallega* de Cuveiro pretende compilar información do percurso histórico do galego, con especial atención ás súas orixes, como indica o seu subtítulo: *Observaciones y datos sobre sus orígenes y vicisitudes*. Os *Elementos de gramática gallega* de Valladares queren ser, aparentemente, unha síntese das principais regras gramaticais do galego. E só a *Gramática gallega* de Saco Arce surxe como unha gramática realmente homologábel ás dispoñíbeis para outras linguas, condición recoñecida polos seus contemporáneos (Valladares 1884: VIII; Valladares 1970 [1892]).

Todo isto afectará á estrutura e á organización das obras, mesmo á extensión dedicada á descrición gramatical: máis da metade do volume de Cuveiro vai estar consagrado á compilación de textos —literarios, mais tamén documentais— e dous terzos do *Compendio* de Mirás son formados por material textual diverso.

As gramáticas son diferentes entre si porque tamén obedecen a motivacións diversas. Mirás, consciente de dar a lume unha “obra única en su género” (Mirás 1864: s.p.), constata como “muchos al oír hablar á un labriego no le pueden entender” e por iso “nos hemos determinalo a darlo [o Compendio] á luz á fin de que pueda comprenderse este idioma” (Mirás 1864: s.p.). Preside a

¹ Reimpresión en 1876 coa edición do seu *Diccionario* (Cuveiro 1876a).

² A obra de Marcial Valladares tivo un proceso de elaboración e de difusión ben diferente: de acreditarmos nas palabras do seu autor, comeza a redixirse en 1855 e conclúese en 1892. Non será publicada até 1970, pola Editorial Galaxia e co carimbo da Fundación Penzol.

súa tarefa unha finalidade de tipo práctico e claramente instrumental: resolver un problema de comunicación.

Pola súa parte, Saco Arce e Cuveiro, que publican as súas obras no mesmo ano 1868, non agachan a finalidade patriótica que os move. Contribuír á rexeneración da patria e ao movemento intelectual de Galiza será o obxectivo de Cuveiro (1868: III-IV); entre tanto, Saco fará un discurso introdutorio de exaltación provincial e de defensa e dignificación da lingua (1868: V-VIII), aínda que tamén sinala razóns específicas de carácter práctico para publicar o volume: a promoción dos estudos filolóxicos, servir de apoio ao estudo do galego nas clases de diplomática e facilitar aos confesores estrños a comprensión da linguaxe dos campesiños.

Á finalidade de “contribuir en algo [...] al lustre y á la gloria de nuestra patria” apelará igualmente Valladares (1970 [1892]: 9), que tamén indica razóns *pro domo sua* —“justificar [...] la no caprichosa escritura en nuestro *Diccionario gallego-castellano* de gran número de vocablos que personas de autoridad escriben en forma distinta de la en que seguimos escribiendo” (Valladares 1970 [1892]: 9)— e outras de utilidade: suplir a carencia “de reglas gramaticales que tiempo es aprendan los niños en las escuelas y se generalicen luego entre las clases todas” (Valladares 1970 [1892]: 9), ofrecendo unha obra accesíbel a todos os públicos.

Os seus autores afrontan a redacción das obras desde unha formación ben diversa. Mirás é un pasante de latín (Martínez 2012)³; Saco, un clérigo catedrático de latín no Instituto de Ourense; Cuveiro, un libreiro liberal; Valladares, un fidalgo licenciado en Dereito (Fernández Salgado 2005). E todos eles, escritores en lingua galega de maior ou menor talento e alcance. Todos, tamén, afrontaron o traballo lexicográfico en diferente medida, ben a través da colección de series léxicas en cadansúas gramáticas (Mirás, Saco, Cuveiro), ben desenvolvendo dicionarios en paralelo á redacción da gramática (Valladares) ou con posterioridade (Cuveiro)⁴. E maioritariamente tamén prestaron atención á cultura popular compilando refráns, cantares, contos, incorporados en parte ás obras gramaticais (Saco, Cuveiro, Valladares), ou organizando coleccións específicas para a súa eventual publicación (Saco, Valladares). Uns intereses que se van pór de manifesto nas características das súas obras.

As gramáticas van publicarse —de novo exceptuando a de Valladares— entre os anos 1840 e 1879, no período “de eclosión”, de “notable acumulación de erudición e reflexión lingüísticas, síntoma e á vez manifestación dunha notable mutación na consciencia lingüística dun sector importante da *intelligentsia* galeguista” (Monteagudo 1999: 343). E surxen pasados dez anos da publicación d’*A Gaita Gallega* de Pintos (1853) —impulso primeiro dos *Elementos* de Valladares, de crermos ao seu autor—, e na década que comeza coa celebración dos Xogos Florais na Coruña e en Pontevedra (1861), en que se edita o *Álbum de la Caridad* (1862) e *Cantares Gallegos* (1863), en que se inicia a publicación do *Diccionario de escritores* de Murguía (1862), en que se imprime o *Diccionario gallego-castellano* de Francisco J. Rodríguez (1863) e en que van ver a luz os primeiros tomos das *Historias de Galicia* de Benito Vicetto e de Manuel Murguía (1865). Un período en que a toma de consciencia lingüística está estreitamente vinculada coa reflexión sobre as características identitarias de Galiza e coa vontade de dignificación da imaxe de Galiza e do pobo galego, a través da construción dunha literatura propia que require un modelo de lingua apto para a expresión escrita. As gramáticas van ser un espazo privilexiado para a confluencia de todos estes elementos.

A partir da década de 50 o discurso sobre a lingua fora adquirindo un protagonismo crecente e os medios polos que van circular as ideas arredor do galego van ir diversificándose. Artigos publicados na prensa xeral ou cultural —de preferencia na vinculada ao provincialismo—, mais tamén obras historiográficas, ensaísticas, de divulgación xeral, a propia produción literaria, os paratextos que a acompañan etc. serán vehículo para a difusión de ideas sobre a lingua —e, secundariamente, sobre a literatura—, un elemento transversal en moitas das obras que, dunha ou doutra forma, pretenden contribuír á articulación dunha imaxe (proto) nacional de Galiza.

³ Autor dos *Elementos de análisis gramática latina* (1848), tradución e refacción dunha obra portuguesa de Pimenta, editados pola Viviva de Compañel e Hijos (Fernández Salgado / Fernández Salgado 2002: 141).

⁴ Pola súa parte, Saco renuncia a afrontar esta tarefa, como sinala en carta a Murguía (Barreiro e Axeitos 2003: 89).

A constatación do carácter de trazo identitario esencial do galego (sexa cualificado de dialecto, lingua ou idioma) irá seguida da exaltación como tal e da reclamación do seu estudo e máis da insistencia na necesidade de fixar unha norma (unificada) para a súa utilización escrita, especialmente na literatura e máis concretamente na poesía. Os textos gramaticais surxirán para dar unha resposta de tipo práctico a esta demanda, mais tamén para articular un discurso científico e/ou didáctico sobre o galego e para completar ou reforzar as ideas sobre a lingua postas en circulación en escritos doutro teor; ao mesmo tempo, a súa existencia ten sentido en si mesma.

A ausencia de gramáticas e dicionarios vai ser subliñada por Manuel Murguía na *Historia de Galicia* que, máis aló da súa utilidade como incentivo para o uso do galego como lingua escrita, vai notar a súa necesidade como un elemento preciso para afirmar a identidade cultural:

Los adelantos de las ciencias históricas, son bien escasos entre nosotros. ¡Carecemos de un Diccionario y de una Gramática gallega! y la bibliografía de Galicia, será mas conocida á lo adelante, gracias á los esfuerzos (nos vemos con sentimiento obligados á decirlo) que hacemos, publicando el *Diccionario de escritores gallegos* (Murguía 1865: VIII).

O balance das achegas literarias de mérito das últimas décadas serviralle, máis adiante, para marcar que “tales trabajos deben encomendarse a personas realmente competentes”⁵ e para propo-
r o seu patrocinio por parte das deputacións provinciais (Murguía 1865: 294, n. 1).

Mais as gramáticas que van publicarse logo desta data só en parte responden ao baleiro sinalado por Murguía —e antes por Rosalía no prólogo a *Cantares Gallegos*— pois, se ben a descrición e a prescrición gramaticais van ocupar un espazo relevante nelas, non van ser os seus únicos elementos e, por veces, tampouco os centrais. A gramática funcionaría tamén como libro nacional, nun sentido similar ao que González-Millán (2001: 22) sinalou para o dicionario: nun momento en que comeza a articularse a conciencia nacional galega e sen a posibilidade de desenvolver unha política autónoma, a monumentalización da cultura nacional que se produce noutros espazos nacionais pola vía material —coa creación de museos e panteóns— vai ter no caso galego unha dimensión principalmente simbólica, con relevancia case exclusiva das actuacións no ámbito lingüístico e do discurso literario. Desta forma, a elaboración da gramática supón, en si mesma, un acto de reafirmación fundamental, e a configuración da norma lingüística irá acompañada de dispares elementos da cultura nacional (singularmente da literatura, do folclore e, en moi menor medida, da historia ou da xeografía). Así, a existencia da gramática ten unha moi relevante dimensión simbólica e a súa función vai alén da teorización ou da descrición lingüística, ao confluíren nela discursos que van articular unha imaxe (proto)nacional da sociedade galega do século XIX. De aí o carácter híbrido que, en diferente rango, todas elas manifestan. E de aí a presenza das coleccións de textos literarios en todas elas.

3. O DISCURSO SOBRE A LITERATURA

Anne M. Thiesse sinala como no proceso de construción das linguas nacionais, cando se trata de instaurar unha lingua escrita morta e desacreditada, se tenta “simultaneamente, conciliar o regreso ás fontes prestigiantes da lingua e a revitalización lingüística baseando-se num dialecto vivo” (2000: 75).

Este procedemento está tamén presente en procesos como o Rexurdimento galego, que pretenden habilitar unha lingua para a expresión literaria. Existe consenso (González Seoane 1992, Mariño 1998, Monteagudo 1999) en destacar a base popular das propostas gramaticais do XIX, que acoden fundamentalmente á lingua oral como base para a descrición gramatical, perante a escaseza (ou a falta de coñecemento) desas fontes prestixiantes fixadas e transmitidas por escrito (unha tradición literaria culta, singularmente) que impide que poidan funcionar como modelos.

⁵ Unha afirmación que leva implícita a desautorización dos traballos deste teor xa publicados, o *Diccionario* de Rodríguez (1863) e o *Compendio* de Mirás (1864).

Mais para alén desa eventual función modelar no plano gramatical, a existencia dunha tradición literaria culta, independentemente da maior ou menor accesibilidade dos textos que a constitúan —e das dimensións do *corpus* textual— pode estar presente no discurso de lexitimación da lingua e da propia necesidade da súa fixación gramatical ou pode funcionar de forma complementar, incorporando ideas sobre a propia identidade (proto)nacional a través da lectura en chave identitaria dos textos e dos xéneros literarios, contribuíndo aos procesos de canonización, realizando un discurso historiográfico ao fio da cronoloxía das obras literarias. Este discurso colocárase de preferencia na periferia da descrición propiamente gramatical, en prólogos, introducións e apéndice.

Cuestión diferente é o discurso sobre a literatura popular —fundamentalmente sobre a poesía popular— e as funcións que desempeña, vinculadas tanto á súa lexitimación como modelo lingüístico como a fixar o seu carácter esencial na cultura nacional.

3.1. O *Compendio* de Mirás

A dedicatoria, o sucinto prólogo e a advertencia que abren esta obra non conteñen mencións á literatura nin á lingua escrita. A observación da lingua oral é a fonte para a fixación gramatical e en ningún dos diferentes apartados da súa descrición, nin nas diferentes seccións que incorporan textos diversos hai consideracións sobre a lingua escrita, a tradición literaria ou o cultivo literario do galego. Si remarca Mirás como o vocabulario “no es de un dialecto inventado a capricho, ni menos copiado, es sí, oído de viva voz á diferentes gallegos de todos lugares, cuyo costoso trabajo apuró mi paciencia al tenerlos que observar por espacio de tres años hasta conseguir mi intento” (Mirás 1864: 11).

De feito a referencia á escrita só vai comparecer en relación coa súa propia actividade como escritor, nos catro versos que, baixo o título de “Prolojo”, preceden a colección de fábulas:

Si aljun cubizoso rexoubar quere
porque estas fabulas eu escribo,
como o poeta Fedro el leere
allí encontrará á rason do mismo (Mirás 1864: 93).

Unha referencia que tanto se pode interpretar en relación coa súa singularidade dentro da produción literaria galega até a data, como coas razóns dadas polo poeta latino para a súa obra: “facer rir e aconsellar unha vida de prudencia” (Fedro 1998: 29), deleitar e instruír.

3.2. A *Gramática gallega* de Saco Arce

O prólogo da *Gramática gallega*, alén dunha introdución á obra, é un texto que se insire claramente no discurso provincialista, pola diagnose da situación social da lingua galega (dos usos e actitudes perante ela) e polo chamamento a reaxir facendo do cultivo da lingua e da literatura provinciais o medio de afortalar unha comunidade cultural. O punto de vista de Saco Arce é profundamente contemporáneo e non vai facer excursos históricos ou historiográficos.

A dignificación da lingua está intimamente ligada á finalidade patriótica da obra, como mostra a importancia concedida ao cultivo da literatura provincial, coa mención da institución dos Xogos Florais e dos almanaques literarios para “fomentar la literatura gallega” e “levantar el abatido espíritu de estas provincias” (Saco Arce 1868: VII, n. 1). De feito, a incitación ao uso da lingua vai estar directamente (e unicamente) vinculada ao ámbito literario: “No os desdeñeis de emplearlo [o galego] alguna que otra vez en vuestras composiciones literarias”, máis unha indicación de como as estratexias provincialistas se dirixían a gañar para a causa o sector intelectual, singularmente os creadores literarios, e máis concretamente os poetas.

Saco Arce asume a lingua oral, a lingua dos labregos, como o modelo de enxebreza, tamén ante a escaseza dunha tradición que permita mesmo tirar exemplos para acompañar a descrición gramatical, uns exemplos que “no serán tomados de autores clásicos, puesto que no existen”.

Matizará esta idea en nota a rodapé, para insistir en que os autores dos “pocos escritos que hay en gallego” son “demasiado modernos para tener autoridad de clásicos” (Saco Arce 1868: IX). A pesar de que logo fará excepción da obra de Sarmiento, as consideracións sobre a literatura que realiza teñen que ver estritamente coa contemporaneidade: a constación da ausencia dunha tradición literaria propiamente culta e a incitación patriótica a participar do rexurdimento poético da lingua galega.

3.3. *El habla gallega de Cuveiro Piñol*

El habla gallega ábrese cun extenso “Prólogo” (Cuveiro 1868: III-XVI)⁶ que desenvolve diversas consideracións sobre a orixe, a constitución e a historia da lingua galega en que o autor segue moi de preto “a la mayor parte de los escritores que han tratado de la materia” (Cuveiro 1868: IV), a saber, o Padre Sarmiento (sen citar ningunha obra en concreto), Leopoldo Martínez Padín (*Historia política, religiosa y descriptiva de Galicia*, 1849), Don Juan Manuel Pintos (*A Gaita gallega*, 1853), Manuel Murguía (*Historia de Galicia*, 1865) e Ramón Otero (*Galicia médica*, 1867). En realidade, Cuveiro realiza sucesivos resumos das noticias e opinións destes autores⁷, para concluír “No podremos, pues, determinar el origen primitivo de nuestro idioma, aun haciéndonos cargo de muchas razones emitidas” (Cuveiro 1868: XVI).

O discurso sobre a literatura vai ser pois indirecto e un tanto disperso. A pesar dalgunhas mencións equívocas⁸, está presente a referencia a unha tradición poética culta, cando informa de como o Dr. Otero copia textos de Macías a Alberto Camino e gaba a capacidade expresiva do idioma e “sobre todo cierta marca de nacionalidad” (Cuveiro 1868: VIII). O único texto mencionado —a través de Murguía— é “el llanto del Rey D. Alonso el Sábio, por la muerte de su hijo D. Sancho⁹, que Sandoval pone en boca de aquel monarca, y que es un puro gallego, añadiendo que esto lo decia el Rey *en la lengua que se usaba*” (Cuveiro 1868: XIII), como argumento sobre a antigüidade da lingua galega dentro do debate sobre as orixes que vai marcar unha boa parte do discurso de lexitimación da restauración cultural da lingua galega (López 1991, Hermida 1992). As referencias á existencia dunha literatura no pasado están frecuentemente ligadas á lexitimación da lingua no presente a través do prestixio que confire documentar o seu uso escrito, especialmente o literario: “que nuestro romance, pudo y debió formar lengua literaria” (Cuveiro 1868: XIII), en cita indirecta de Murguía.

Dous escritores que poderían mencionarse como exemplo do cultivo literario do galego, Turnes e Pintos, non van ser citados nesta condición. O primeiro serao como autoridade utilizada por Ramón Otero; o segundo, porque na *Gaita gallega* sinala a necesidade dunha gramática e dun dicionario, fai unha proposta de reunión de representantes das provincias galegas a fin de “uniformar todo el lenguaje deste antiguo reino” e defende a tese de ser a galega lingua filla da latina (Cuveiro 1868: VII), elementos estes que apuntan á recepción da obra de Pintos como obra ensaística.

En suma, non hai un discurso específico sobre a literatura, senón mencións a textos e autores pola súa condición de testemuño escrito que demostran a antigüidade e as calidades do galego, que, a pesar da descontinuidade, conforman unha certa tradición de lingua culta en que inscribirse.

A pesar da falta de achegas orixinais, Cuveiro, ao revelar as súas fontes e ao reiterar as ideas nelas expostas, está a inscribirse expresamente no Rexurdimento e desta forma contribúe a afortalo e a dotalo de cohesión discursiva.

⁶ Este prólogo reproducése na segunda edición, co título “Prólogo de la primera edición” (Cuveiro 1872b).

⁷ “Sin embargo, antes de emitir nuestra opinion, *despues de haber condensado las de los demás*, debemos hacer presente, que mal se puede conjeturar sobre el origen de un idioma, faltando su base principal, como es la escritura inteligible” (Cuveiro 1868: XV, *italico meu*).

⁸ “y de aquí que D. Alonso el sábio en el siglo XIII, y Macías el trovador en el XIV, versificasen en dos dialectos —gallego y castellano— para acomodarse al estilo antiguo y al que nuevamente se iba introduciendo” (Cuveiro 1868: V).

⁹ Este pranto, non de Afonso X, mais supostamente de Afonso VII fora reproducido por Prudencio de Sandoval na súa *Historia de los reyes de Castilla y León* (1792) sen citar a súa procedencia. Ao longo do século XIX vai ser utilizado de forma recorrente nos discursos de lexitimación da lingua, como exemplo da súa antigüidade e do seu uso polas máis altas clases sociais.

3.4. Os Elementos de Valladares

Os *Elementos de gramática gallega* ábrese cunha breve nota “Al lector” que explica as circunstancias da súa prolongada redacción e as razóns de concluír nesa altura unha obra iniciada décadas atrás. A data de inicio desa tarefa, que se presenta como “mera distracción en ratos de ocio”, é o ano 1855 “cuando Alberto Camino, Añón y Rosalía empezaban también a publicar hermosos versos *n’a fala d’a terra*” (Valladares 1970 [1892]: 9). A mención destes tres poetas remite ao que poderíamos considerar o canon provincialista, o dos inicios da restauración do galego como lingua poética, e serve para datar —para Valladares— o momento inicial do Rexurdimento.

É de notar que tanto Alberto Camino como Francisco Añón eran autores coñecidos xa nesa altura (Murguía 1858), non así Rosalía que tardaría aínda en publicar os seus primeiros versos en galego (“¡Adiós qu’eu voume!”, publicado no número 47 do *Museo Universal* o 24 de novembro de 1861)¹⁰.

4. AS CITAS LITERARIAS

A inclusión de textos literarios na descrición gramatical responde a dous modelos básicos: o da cita (a reprodución textual dun fragmento dunha obra existente, englobada nun determinado *corpus*) e o da referencia (a alusión a unha obra ou a un texto que non se reproduce)¹¹. O uso das citas na maior parte das gramáticas obedece, con carácter xeral, ao criterio de autoridade, procurando lexitimar os usos descritos no prestixio dos textos literarios canónicos que contribúen así para a fixación do canon gramatical.

Se atendemos á distinción establecida por González-Millán no seu estudo do dicionario de Eladio Rodríguez, a utilización da cita literaria como cita de autoridade respondería a dúas finalidades principais: lexitimar unha determinada forma gramatical ou un determinado uso, e fornecer información, isto é, servir de testemuño documental, onde “o texto literario é reconfigurado discursivamente, concedéndoselle á ficción (sexa esta lírica, narrativa ou dramática) un estatuto de veracidade ou historicidade” (González Millán 2001: 113). É certo que as citas intertextualizadas nun texto gramatical funcionan sempre nun novo marco pragmático e perden así a súa condición puramente ficcional: a pesar de seren citas literarias, poden servir para documentar usos sociais reais da lingua, por seren agora os textos obxecto dunha lectura non ficcional.

As gramáticas galegas do XIX son escritas e publicadas como parte do proceso de elaboración dun modelo de lingua escrita, en certa forma en concorrencia coa formalización doutros modelos nos textos literarios. Desta forma, as citas literarias incluídas nos textos gramaticais non necesariamente teñen que funcionar como citas de autoridade: poderán ser utilizadas para desautorizar determinadas formas ou usos gramaticais.

Na altura en que Mirás, Saco e Cuveiro escriben e publican, o *corpus* literario, mais tamén o escrito, de onde poden extraer as citas para as súas obras é relativamente limitado, como xa sinalamos. Ningún deles pode, ademais, partir do *corpus* citado en gramáticas anteriores: no caso de Mirás, porque non as hai; nos de Saco e de Cuveiro, porque ambas as obras se xestan en simultáneo e a do autor santiagués non incluía un *corpus* textual que tomar como referencia, fóra dos textos de autoría propia en que optaba por unha opción que eles desbotan por vulgarizante.

Mirás, Saco Arce e Cuveiro vense ante a eventualidade de teren que seleccionar os seus exemplos dun *corpus* reducido e constituído fundamentalmente por textos contemporáneos —coas implicacións que isto supón de cara ao criterio de autoridade, como sinala Saco Arce no seu prólogo—, por veces de difícil acceso: non esquezamos que á altura de 1868 só se publicaran tres volumes, total ou parcialmente en lingua galega —*A Gaita Gallega* (1853), *Ensayos poéticos en dialecto berciano* (1861) e *Cantares Gallegos* (1863)—, todos eles antes de 1864. A estes volumes hai que sumar opúsculos, textos editados en publicacións periódicas, volumes misceláneos e compilacións, singularmente o *Álbum de la Caridad* (1862).

¹⁰ No apéndice de “Poesías diferentes” incluírá textos de Rosalía e de Añón, non así de Camino.

¹¹ Diferenciaríanse dos exemplos, textos inventados *ad hoc* para a gramática. Fernández Salgado no seu estudo sobre as citas no dicionario de Valladares (2004: 242) realiza tamén a distinción entre “citas literarias” e “exemplos de uso”.

Ningún dos autores de gramáticas dispón de textos canónicos a que acudir, mais a través da selección que eles propios realicen estarán a propor a canonización de determinados textos (Figuerola 2001: 36), mesmo dentro das limitacións marcadas pola finalidade do estudo gramatical¹². Esta limitación explica en parte —mais non só— o recurso á literatura popular, que ás máis das veces supón que o gramático actúe tamén como compilador (Valladares), a inclusión de traducións (Mirás, Saco, Valladares) ou a composición de textos literarios *ad hoc* (Mirás). Diferente é o caso de Valladares, cando menos se consideramos a data en que dá por concluída a súa obra, 1892, pois nesa altura conta xa cun relativamente amplo *corpus* literario, poético mais tamén en prosa, de que facer uso (González-Millán 2003).

4.1. O *Compendio gramatical* de Mirás

O “curioso adefesio” —en palabras de Carballo Calero (1981: 96)— que constitúe a obra de Mirás tamén é singular neste aspecto. Nos catro capítulos que compoñen o compendio gramatical propiamente dito (Mirás 1864: 11-38) o autor límitase a reproducir listaxes da declinación do artigo e do pronome, das conxugación verbais, de adverbios, sempre coa tradución de cada termo galego ao español. A seguir coloca un vocabulario de nomes e verbos (Mirás 1864: 39-57), todos eles tamén coa súa correspondencia en español. O compendio é fundamentalmente un inventario morfolóxico e léxico —en menor medida sintáctico— en que non fai uso nin sequera de exemplos.

Os textos literarios só comparecen no capítulo VI e último, o máis extenso da obra, composto por unha ampla compilación de textos, en verso e en prosa, de diverso teor, todos eles obra do propio Francisco Mirás que, para a ocasión, compón, versiona e traduce (Mirás 1864: 57-147). Mais este conxunto textual de autoría propia está claramente diferenciado e separado do espazo dedicado á descrición gramatical.

4.2. A *Gramática gallega* de Saco Arce

O volume de Saco Arce singularízase por moitos conceptos no conxunto das gramáticas do século XIX, tamén no uso de exemplos e de citas no corpo da análise gramatical. Sobre este aspecto reflexiona no prólogo para xustificar o que el mesmo considera como abondoso número de exemplos (citas segundo a distinción que propuxemos):

Criticarán los que me hagan el primer cargo [ser a obra nimia], la multitud, ó si se quiere, superabundancia de ejemplos que presento en la mayor parte de las reglas; pero estoy en la convicción de que cuando por primera vez se escribe la gramática de un idioma, no basta presentar las reglas, es preciso patentizar su verdad con abundancia de razones, que en materias como esta son los ejemplos (Saco Arce 1868: VIII).

A proliferación de citas está directamente relacionada coa necesidade de autorizar as normas que quere formular, por tanto, coa súa vontade prescritiva e coa condición inaugural da súa obra: “Fácil sería entonces sentar reglas y principios que no tendrían mas apoyo que la sola palabra del autor. Por otra parte hay reglas complejas en las que van comprendidos varios puntos, cada uno de los cuales necesita comprobación (Saco Arce 1868: IX)”.

Para alén da función xeral de avalar ou ilustrar determinados usos, van ser consideradas de utilidade “para que el lector, si es gallego, recuerde y reconozca á vista de ellos, la verdadera índole y los giros castizos de su propia lengua, que con el contacto de la castellana tendrá medio olvidados” (Saco Arce 1868: IX). Por tanto, relaciona as citas cun modelo de lingua guiado por un ideal de pureza lingüística, como forma de restaurar a enxebreza ante as interferencias do español no galego, máis frecuentes, sen dúbida, no público letrado a que necesariamente se dirixe a gramática.

¹² Por exemplo, ningún deles menciona, cita ou reproduce ningún texto da literatura política das primeiras décadas do século, que só tardamente van ser incorporados ao canon, por obra da Escola Rexionalista Coruñesa, nomeadamente de Vaamonde Lores e Carré Aldao.

Ante a carencia de clásicos, Saco Arce —como sinalamos en 3.2—, vai acudir á obra de Sarmiento, por razóns alleas ao canon literario: “Solo citaré á veces, por *razon de su mayor antigüedad* y erudición vastísima, al ilustre P. Sarmiento, cuyas coplas gallegas, si bien en ellas no se admira un relevante mérito poético, muestran *detenido estudio* de nuestro dialecto” (Saco Arce 1868: IX, *italico* meu).

Aínda que as citas de autores modernos tampouco estarán completamente ausentes da *Gramática gallega*, a utilización do *Coloquio* de Sarmiento¹³ como fonte é absolutamente predominante: até en máis de vinte ocasións son reproducidos fragmentos para explicar, exemplificar e, en menor medida, cuestionar ou propor a limitación de certos usos presentes na obra poética do frade bieito. Case na metade dos casos, as citas son colocadas a rodapé, por tanto non ocupan unha posición central, senón marxinal, no discurso gramatical.

A autoridade de Sarmiento é invocada para ilustrar fenómenos de carácter fonético —o *e* paragónico (Saco Arce 1868: 21)—, diferentes ocorrencias de morfoloxía verbal (Saco Arce 1868: 84, n. a; 86; 88, n. a; 89, n. a; 89, n. b; 90, n. a; 100), contraccións morfosintácticas (Saco Arce 1868: 151, n. a), uso de formas verbais (Saco Arce 1868: 177), clases de palabras (Saco Arce 1868: 199; 202; 215), o significado de modismos e locucións (Saco Arce 1868: 211; 216; 217; 219).

As características do *Coloquio* (unha composición de forte base popular escrita en verso) provocan case necesariamente a existencia dunha relación de excepcións, case sempre explicadas, en notas a rodapé, polo *desvío* do texto poético, por razóns prosódicas e métricas:

En poesia no se observan siempre las reglas aquí establecidas, viéndose, por ej., sin artículo nombres propios de personas ya mencionadas, como en este pasaje del P. Sarmiento:

Xepiño tanguia
O binco d'un cego,
Con ele cantaba
Con aire gallego. (Saco Arce 1868: 157)¹⁴

Noutras ocasións, a cita recolle un uso contra o que se pronuncia, con menor ou maior contundencia, o autor ourensán: “No nos parece fundada la *m* que el P. Sarmiento emplea al fin de las sílabas, como *bem, vim, sem, algumha, com poucos*, por mas que afirme emplear la ortografía usada en antiguos códices. Tal ortografía es mas bien portuguesa que gallega” (Saco Arce 1868: 227, n. a). Precisamente consideracións deste tipo, que definen o galego por oposición ao portugués, van ser obxecto de discrepancia por parte de Murguía, como se deduce das cartas de Saco Arce dirixidas ao historiador¹⁵.

Logo do *Coloquio* do Padre Sarmiento, é a literatura popular a fonte do maior número de exemplos, nomeadamente os cantares populares¹⁶, que tenden a reproducirse na íntegra, para mostrar trazos fonéticos (Saco Arce 1868: 147, 148), sintácticos (Saco Arce 1868: 163, varios cantares) e morfolóxicos (Saco Arce 1868: 175, 177, 194). Fronte ao que acontecía con moitas das citas de Sarmiento, en todos estes casos reproducense no corpo do texto, non a rodapé, e nunca se cuestionan os usos recollidos. A reprodución dos cantares contribúe á creación dunha pequena antoloxía destes textos populares, en forma similar ao que acontecera cos *Cantares gallegos* rosalianos. Para exemplificar o uso do infinitivo, por exemplo:

Eu *casar*, ben me casára,
Recear, ben-o receo,
Esto d'andar preguntando
Onde se vende o centeo” (Saco Arce 1868: 175)

¹³ Editado por J. M. Pintos en 1859: *Recopilación de muchas palabras, voces y frases de la lengua gallega*. Hecha por el Rmo. Padre Fr. Martín Sarmiento, honor y gloria de Pontevedra, su Patria. Pontevedra, J. Vilas.

¹⁴ Outros exemplos, Saco Arce (1868: 41, n. a; 161, n. c).

¹⁵ En síntese, Murguía posiciónase a favor do subdialecto santiagués ou lucense (fronte ao ourensán) e pola aproximación ao portugués como modelos para fixar o estándar (Barreiro e Axeitos 2003, 2: 89, 94).

¹⁶ Puntualmente acode tamén ao refraneiro: “Xiada sobre lodo, neve fasta ó sollo” (Saco Arce 1868: 129, n. a).

Os textos poéticos contemporáneos son citados non tanto para autorizar formas e usos senón para os pór en contraste coas súas propias propostas, ás veces matizando, ás veces problematizando as opcións, fundamentalmente gráficas e fonéticas, que presentan. Fronte ao que acontecía coas citas da poesía popular, todas estas están relegadas ao espazo da nota a rodapé. E todas elas figuran desprovistas de autoría: “en cierto poeta” (20), “en algunas composiciones cuyos autores creemos son de Santiago” (25), “en un acreditado libro de poesías gallegas” (77), “este verso de otro poeta” (149, n. a), mesmo “en poesía” (148, n. a) son as identificacións que acompañan as citas. Esta anonimización quizais obedeza nalgún caso á vontade de fuxir de eventuais polémicas con autores concretos, ou da introdución de criterios de valor (mesmo que só fose nos usos lingüísticos) para a produción literaria contemporánea.

En cierto poeta se encuentran algunos sustantivos acabados en x, como *paisax*, paisaxe; *fogax*, llamarada; *lenguax*, lenguaje. Deben considerarse como apocopados, habiéndoseles suprimido la e final por causa del metro. No nos parece mal con tal que no se termine con ellos el verso ó la cláusula. No disuena por ej., el siguiente verso:

*Nun paisax de prata e rosas*¹⁷ (Saco Arce 1868: 20, n. c).

Como pura constatación da variedade da lingua:

A estas observaciones sobre el pretérito perfecto, añadirémos que en un acreditado libro de poesías gallegas se halla á menudo la primera persona de singular de este tiempo en verbos de la primera conjugación, con la misma desinencia en in que los de la segunda y tercera, diciendo *falin*, *gardín*, *cheguín* por *falei*, *gardei*, *cheguei* (Saco Arce 1868: 77, n. b)¹⁸.

O uso de textos medievais é anecdótico, limitase a dúas citas das *Cantigas de Santa María* de Afonso X, a propósito da forma *ulo*, que explica etimoloxicamente a partir do adverbio *u* existente na lingua medieval:

Uno y otro adverbio u (en donde), i (alli) se encuentran en las Cántigas de D. Alonso el Sabio:

E oín falar de Onna,
ú había gran vertude (en donde había)

E sa avoa i era, (Y estaba allí su abuela)
Filla del rey d'Ingraterra (Saco Arce 1868: 62, n. a).

É de notar tamén como Saco Arce acode a *corpus* singulares na descrición gramatical: por unha parte, a textos escritos en castellano *antiguo*¹⁹ (entre eles o *Quixote*, o *Romance del Cid*, *Las Siete Partidas*)²⁰ e a autores como Cervantes, Fray Luis de Granada, Afonso X, o Padre Mariana. En non poucas ocasións, as citas complétanse coa súa tradución para o galego: “*Na más [sic] que por oito meses de servirche, tiñasme dado a mellor ínsua que o mar arrodea*; por solo ocho meses de servicio, me tenias *dada* la mejor ínsula que el mar ciñe y rodea (id. id.)” (Saco Arce 1868: 178). Xustifica traducir “autores castellanos de gran nota para que se pueda comparar mejor la construcion gallega [o participio concertado] con la castellana” (Saco Arce 1868: 179, n. a). Por tanto, obedecen a unha dinámica diferencial e contrastiva, consoante co ideal de enxebreza de Saco Arce, que pretende fixar as características idiosincráticas do galego, por oposición precisamente á lingua que estaba a desvirtualo.

As citas de autoridade en castelán son traídas ao caso para explicar as interferencias do galego no castelán (Saco Arce 1868: 168-169) —denominadas en ocasións de “provincialismos”

¹⁷ O verso é de “Como chove miudiño” dos *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro.

¹⁸ Debe de referirse aos *Ensayos poéticos en dialecto berciano* que usa as formas *falein* e *cheguén* (Fernández y Morales 1861: 269, 312).

¹⁹ Non só se inclúen citas literarias, en ocasións hai referencias xenéricas ao antigo castelán do tipo “Otramente en el antiguo castellano” e “muy usado también en los clásicos castellanos”.

²⁰ Todos textos literarios, coa excepción dun documento antigo do século XV escrito en castelán mais de localización galega (Saco Arce 1868: 24, n. a).

(Saco Arce 1868: 170, n. a)— ou para mostrar como formas propiamente galegas existían tamén nun estadio anterior do castelán: “En el castellano antiguo, en vez de decir os en los casos oblicuos de la segunda persona plural, se usaba, como en gallego vos: *Qué desacato vos fice?* (Romanc. del Cid)” (Saco Arce 1868: 57, n. a).

Esta resulta ser tanto unha estratexia para prestixiar o galego pola súa asimilación á lingua oficial, plenamente recoñecida como lingua de cultura, como para mostrar a maior fidelidade ás orixes latinas, outro argumento de prestixio, aínda que tamén pode contribuír, mesmo sen ser esa a intención, para a identificación do galego como unha variedade arcaica.

Para Saco Arce as que funcionan como citas de autoridade son as provenientes da poesía popular, consonte coa base oral e popular do seu modelo lingüístico. Mentres, os textos de Sarmiento poden ser citas de autoridade mais tamén simple ilustración de excepcións ou mesmo exemplos para censurar abertamente certas opcións. Sen dúbida, as consideracións sobre o *Coloquio* de Sarmiento teñen moito a ver co estudo detallado do que para Saco podía ser considerado como un posíbel modelo para a fixación do estándar, de aí a profusión de citas e comentarios á obra do padre bieito. Pola contra, os textos contemporáneos non son tidos en ningún caso como modelo lingüístico e convértese en obxecto de comentario ilustrativo e, ás veces, discrepante.

4.3. Cuveiro Piñol

A sección dedicada á descrición gramatical en *El habla gallega* inclúe fundamentalmente listaxes de series morfolóxicas e moi escasos exemplos. Só utiliza unha única cita, dentro do capítulo “Sintaxis”, a reprodución dun cantar popular, precedida polo rubro “Parte de una cancion vulgar”:

O galo canta
á galiña chora
porque llos²¹ pitiños
durmiron fora (Cuveiro Piñol 1868: 38).

Logo séguense dúas traducións, a “aparente” (“El gallo canta / la gallina llora / porque los pollitos / durmieron fuera”) e a “real” (“porque á la gallina *le han* dormido fuera sus pollitos”, Cuveiro Piñol 1868: 38), que pretenden exemplificar un trazo diferencial do galego: o dativo de interese.

Neste caso, como en xeral en toda a súa obra, Cuveiro prescinde da descrición gramatical xeral —por estar xa en todas as gramáticas (isto é, nas castelás)— centrando o seu obxectivo en “dar á conocer los modismos y *diferencias remarcables* que existen entre ambos idiomas gallego y castellano sin descender a explicar las reglas de concordancia, régimen y construccion” (Cuveiro Piñol 1868: 38, *itálico meu*).

A seguir, coloca dous exemplos, probablemente de invención propia²² e que tamén traduce, que remiten á mesma lóxica diferencial. Neles, tanto polas escollas onomásticas como polas referencias a manifestacións da cultura tradicional, está de novo presente o ámbito popular, redundando así no deseño dun moi concreto imaxinario para o uso oral da lingua.

Na obra de Cuveiro os textos literarios están pois claramente separados do uso gramatical, de forma que esta distancia física está a subliñar dous ámbitos diferenciados: a construción dunha norma baseada no uso oral, e, ao mesmo tempo, o ámbito literario como o espazo do prestixio e da lexitimación da lingua.

4.4. Os Elementos de Valladares

Marcial Valladares, como Saco Arce, utiliza numerosas citas literarias no seu discurso gramatical. Non existe explicación e/ou reflexión previa sobre a necesidade ou sentido deste uso, nin tam-

²¹ Non entramos aquí a valorar a equivocidade introducida pola aglutinación da forma pronominal co artigo.

²² “—Catuxa! ¿veu aa fuliada ó teu amo?—Sí, señá Pepa, estívolle aquí pero marchoulle logo” e “—Os cartos que lle deron á Colás, llos estoularon ó outronte” (Cuveiro Piñol 1868: 39).

pouco a respecto do *corpus* de selección, a literatura popular e a produción culta contemporánea, sempre no xénero poético.

As citas son utilizadas de forma maioritaria para reprobado determinados usos, fundamentalmente gráficos, na lingua literaria dos seus contemporáneos. En ningún caso proporciona información sobre a procedencia ou a autoría das citas literarias, contribuíndo así para a anonimización dos textos, que resultan tanto máis difíciles de identificar canto que nunha boa parte dos casos deberon ser tomados de publicacións periódicas. Habitualmente acumula varias citas para desautorizar unha determinada opción, como forma de mostrar a magnitude do fenómeno censurado: “Plagados están nuestros escritos en gallego de estos abusos” (Valladares 1970 [1892]: 40) ou “aduzcamos ya varios ejemplos, en demostración del inconveniente grande que trae el uso de ese signo con los verbos; ejemplos no inventados por nosotros y sí copiados de impresos diferentes” (Valladares 1970 [1892]: 98).

As obxeccións son sobre todo de carácter gráfico, cunha preocupación fundamental pola proliferación do apóstrofo, usado tamén logo de substantivo e de verbo. No primeiro caso inclúe até cinco citas (Valladares 1970 [1892]: 40), das que, segundo o *Tesouro informatizado da lingua galega* (TILG), dúas son de versos de Xesús Rodríguez López e Amador Montenegro Saavedra; para o segundo caso (Valladares 1970 [1892]: 98), inclúe seis, tres delas de “Un caso de trancazo” de M. López Prado —publicado n’A *Monteira* en 1890— e unha cuarta de novo dun poema de Rodríguez López, publicado logo en *Pasaxeiras*, segundo o TILG. En ningún caso Valladares relaciona a elisión vocálica e o uso do apóstrofo coa medida do verso: mostrarase ante todo preocupado pola ambigüidade que o uso desta marca gráfica provoca.

Paradoxalmente, o cómputo métrico si será tido en conta para explicar de novo un suposto mal uso, a utilización do infinitivo persoal:

Os donos d’aquêlas salas
moitos non têñen camisa
e pasan fame, con risa,
por têren aquêlas galas²³

Aquí la persona agente es el pronombre *eles* que se supone en lugar de *donos*, ejerciendo su acción sobre el infinitivo *ter*, que maldita necesidad tiene de la adición *en*, para significar lo mismo; solo, si, para llenar el verso (Valladares 1970 [1892]: 53).

A única excepción ao proceso de anonimización das citas literarias está na mención do Glosario de *Cantares Gallegos*, por recoller a voz *y-alma* (Valladares 1970 [1892]: 15), suposta demostración da súa opinión de que se trata dunha única palabra.

Fronte ao uso dado ás citas de autor, as da poesía popular van ser utilizadas para censurar algunhas opcións mais tamén para autorizar ou exemplificar usos ou trazos característicos do galego. Senllas reproducións de cantares populares servirán para reprobado a inexistencia de *a* na perífrase co verbo *ir* (Valladares 1970 [1892]: 108) ou o que cre como “un defecto de lenguaje, por la ambigüedad a que se presta” (Valladares 1970 [1892]: 94). Mais outros cantares van servir como simples exemplos de usos que estima como axeitados: a secuencia “N’a alma” (Valladares 1970 [1892]: 15); a excepción que supón *vila* á norma que converte o castelán *-illa*, *-illo* en galego *-êla*, *-êlo* (Valladares 1970 [1892]: 34), os valores do xerundio (Valladares 1970 [1892]: 47) ou a ilustración do modismo *algo*, *algo* (Valladares 1970 [1892]: 119). O recurso ao acervo popular vai incluír tamén un refrán, a propósito da inexistencia da conxunción *de* na perífrase verbal *haber* + infinitivo: “Cando vayas á Ferrèira, lèva o pan n’a faltriquèira y-o coitèlo, pra o cortar, qu’en Ferrèira non ch’o han dar” (Valladares 1970 [1892]: 110).

Como Mirás e Saco Arce, Valladares vai incorporar traducións de textos ao galego. No pequeno apartado que dedica á “Frase” serán incluídas varias citas de Alphonse de Lamartine, acompañadas da súa tradución ao español, sen calquera referencia á lingua orixinal, o francés: “Por ejemplo: *o sembrante è a lèngua d’os ollos*=el semblante es la lengua de los ojos, dice Lamartine”

²³ Segundo o TILG os versos publicáronse no *parrafeo* 14 d’*Otío Marcos da Portela*, 17.2.1884. Valladares, de novo, non dá a procedencia da cita, só di que acaba de lela “en un periódico”.

(Valladares 1971 [1892]: 116). Se a escolla autorial pode xustificarse polo prestixio literario do poeta seleccionado, a presenza do español como referente obedece ao carácter contrastivo que preside a redacción de todos os textos gramaticais galegos do XIX e que asenta na necesidade de marcar a singularidade gramatical do galego fronte ao español.

Valladares usa as citas literarias principalmente para censurar ou desautorizar usos, claramente nas provenientes de textos dos seus contemporáneos. No caso da poesía popular a finalidade das citas é tanto censurar como tamén ilustrar o discurso gramatical ou as escollas do autor. Certamente Valladares conclúe a redacción da súa gramática nunha altura en que estaban en disputa varias opcións —principalmente ortográficas— para a fixación do estándar (González Seoane 1998) e, loxicamente, a súa obra toma parte no debate. Moitas destas citas usadas *a negativo* proceden da prensa periódica en galego, un medio que daría maior difusión a estas opcións criticadas, talvez causa da alarma do gramático.

A vontade censora dos *Elementos*, cando menos na súa redacción final, vai ser corroborada na “Conclusión”: “Además de los defectos de lenguaje atrás mencionados, otros hay que publicó también el señor Álvarez Giménez y de los cuales indicaremos aquí algunos, sin omitir los que á nosotros se nos ocurren” (Valladares 1971 [1892]: 124).

5. AS COLECCIÓN DE TEXTOS

As gramáticas de Mirás, Saco, Cuveiro e Valladares inclúen apéndices ou seccións de textos, mais con diferenzas notorias dunha a outra, e un predominio claro do texto literario, principalmente do xénero poético. Son textos de autoría propia (Mirás 1864: 57-147); unha sección de “Poesías escogidas”, incluída nos ‘Apéndices’ (Saco Arce 1868: 283-313); forman parte da sección “Sintaxis” sen título común específico que os agrupe (Cuveiro 1868: 40-83); e rotúlase como “Poesías diferentes” (Valladares 1971 [1892]: 133-152).

A presenza destas coleccións de textos en todas as gramáticas do XIX ten sido explicada de diversa maneira. Varela (2001: 96, n. 2) sinala a finalidade didáctica das reunidas por Saco, Cuveiro e Valladares, exemplos de *crestomatía*, pois non pretenderían “amosar composicións polo seu puro valor artístico-literario, senón, fundamentalmente, a de ilustrar e avaliar as distintas teses ou opinións verquidas nunha publicación esencialmente lingüística” (Varela 2011: 96, n. 2), unha afirmación non de todo exacta, como veremos. Pola súa parte, Rábade Villar (2004: 159) fai referencia aos catro volumes para marcar como estas coleccións “malia se situaren nunha posición textual marxinal, están refrendando, coa súa mesma presenza simbólica, a capacidade do idioma para transcender unha función instrumental e adentrarse nas vías da comunicación estética”. Sen entrarmos aínda na análise das características específicas de cada unha delas, a función lexitimadora que desenvolven estas coleccións textuais é evidente: mostran, de facto, a condición de ser o galego unha lingua por ter unha literatura de seu, un dos argumentos máis veces utilizados para prestixiar o idioma no século XIX.

Para explicar por que todas as gramáticas inclúen coleccións de textos hai que ter presente tamén que a vontade codificadora —talvez coa excepción de Mirás— está directamente vinculada á creación dun modelo estándar para a lingua literaria que permita acrecentar a produción, principalmente a poética. Finalmente, a precariedade editorial reforzaría aínda máis a necesaria confluencia gramática-literatura, optimizando así os escasos medios dispoñíbeis para difundir o discurso rexurdimentista.

Rábade Villar distingue un primeiro período no acto antolóxico da literatura galega moderna, de 1862 (o *Álbum de la Caridad*) a 1911 (a *Literatura gallega* de Carré), que nos seus comezos estaría marcado polo carácter testemuñal —o vínculo con certos actos literarios— e o afán arquivístico —o compendio do presente e do pasado literarios—, mentres nun segundo momento se fundamentarían os criterios de articulación das escollas (Rábade Villar 2004: 31). Fóra da eventual ampliación deste período para incluír nel, por exemplo, o *Álbum de El Miño* (1858) —como fan González-Millán 2003, Varela 2001— si nos parece relevante marcar que a totalidade das coleccións incluídas nas gramáticas —excluimos Mirás— están determinadas polo criterio filolóxico, isto é, son coleccións de textos escritos única e exclusivamente en galego, trazo este que non está pre-

sente nin no *Álbum de El Miño*, nin no *Álbum de la Caridad*, nin no proxecto antolóxico de Murguía do ano 1862 nin nas diferentes versións de *Galicia y sus poetas* de Saralegui (1858, 1871 e aínda 1886). Certamente a opción por unha selección monolingüe non é allea á inclusión das coleccións en gramáticas do galego mais, mesmo así, esta circunstancia debe ser subliñada e posta en relevo.

Á falta de textos canónicos en que basear as súas descrições, os gramáticos optan por reafirmar unha selección, claramente diferenciada na organización da obra da sección gramatical, en que presentan unha proposta canonizadora de autores, textos, xéneros e temas, e que é mostra da polivalencia da literatura como discurso social (González-Millán 2003).

5.1. O *Compendio* de Mirás

Todos os textos literarios do *Compendio* son da autoría ou da responsabilidade do propio Francisco Mirás e figuran no capítulo V, a seguir á descripción gramatical e ao vocabulario, sen introdución ningunha que explique a razón da súa presenza ou a súa función no conxunto do volume. A única excepción constitúena os diálogos, mencionados na presentación como exemplo xustificativo da necesidade desta publicación.

A colección de textos é, con diferenza, o capítulo máis extenso da obra, colocado ademais nun lugar de relevancia, cerrando o volume (Mirás 1864: 57-147). Está formada por cinco diálogos bilingües en prosa²⁴, un poema extenso en oitavas reais titulado “A Creación e a Redención”, once fábulas en verso²⁵, catro fábulas traducidas —de Iriarte, Calderón, Moratín e Samaniego—²⁶, outras dezanove fábulas²⁷ —algunhas adaptación libre de autores coñecidos (Carballo Calero 1981: 98)—, unha sección de “Miscelánea”, outra de “Ditos celebres” e finalmente unha “Alborada”.

Tanto nos diálogos como nas composicións poéticas, Mirás segue o modelo lingüístico fixado na gramática, con uso da gheada e do seseo, opcións do autor que van ser contestadas xa no seu tempo, por exemplo, por Francisco de la Iglesia (Fernández Salgado / Fernández Salgado 2002), e que van chocar coas opcións maioritarias para a fixación da lingua literaria que exclúen a gheada e só puntualmente incorporan o seseo.

Os diálogos bilingües funcionan como exemplificación das dificultades de comprensión entre galego-falantes e interlocutores que descoñecen o galego —ben de fóra de Galiza, ben galegos que xa só usan o castelán—, e xustifican a necesidade da existencia dunha obra impresa como o *Compendio*. Un “confesor”, un “caballero”, un “hacendado castellano”, un “médico madrileño”, un “amo” son os interlocutores do “gallego”, sempre representado por un paisano, facendo boa a identificación labrego-galego tantas veces subxacente na literatura da primeira metade do XIX. Curiosamente, os galegos (labregos) sempre entenden o seu interlocutor. Poñen de manifesto como a condición social, o elemento de clase, determina os usos lingüísticos e sinalan o papel castelanizador de institucións como a Igrexa. O personaxe castelán-falante concluirá as súas intervencións facendo alusión á necesidade da existencia dun vocabulario impreso para poder mellor entenderse co seu interlocutor —coa excepción do diálogo en que intervéñen o médico madrileño. Os diálogos funcionan como *exempla* e, ao tempo, responden á mesma vocación “realista” da literatura política que inicia o século.

²⁴ “Diálogos entre un confesor castellano y un penitente gallego”, “Diálogo entre un Caballero y un Gallego”, “Diálogo entre un Hacendado castellano y un Gallego”, “Diálogo entre un Médico madrileño y un Labrador Gallego”, “Diálogo entre un Amo y un Criado”.

²⁵ Encabezadas pola denominación “Prolojo”: “Fábula primeira. Un Lobo e un Añó”, “Fábula segunda. Un Jraxo e un Pavo”, “Fábula terceira. Un Can nadando”, “Fábula cuarta. Un Lobo e un a Jrulla”, “Fábula quinta. Un a Raposa e un a Sijüena”, “Fábula sexta. A Denosiña e os Ratos”, “Fábula sétima. Un a Raposa e as Uvas”, “Fábula oito. Un a Vivora e a Lima”, “Fábula nove. Un a Raposa e un Castron”, “Fábula des. Un monte parindo”, “Fábula onse. Dous calvos”.

²⁶ “De Don Tomás Iriarte. Os Dous coellos”, “De Don Pedro Calderón. Un Rapas ben criado”, “Don Leonardo Fernandez Martín. Os Dias do Santo dun”, “De Samaniego. Un Rato señorito e un do campo”.

²⁷ “Del actor. Un Piollo e un a Pulja”, “Del actor. Un a Araña, un a Mosca e un Abellón”, “Del actor. Un Raposo e un Jalo”, “Del actor. Un Sejo e un Criado”, “Del actor. Un Jrillo e un a Cascuda”, “Del actor. Un a Formija e un a Paloma”, “Del actor. Un Jaljo e un Coello”, “Del actor. Un Cocho e un Faco”, “Del actor. Us Jalos e un a Perdis”, “Del actor. Un Home enamorado”, “Del actor. Un Labrador e us Cas”, “Del actor. Un Boy e un Beserro”, “Del actor. Un Boy e un Rato”, “Del actor. Un Pastor e un as Ovellas”, “Del actor. Un Burro e un Lobo”, “Del actor. Un Joloso ajudó”, “Del actor. Dous Frades”, “Del actor. Un Marqués e un Secretario”, “Del actor. Un Duque e us Jaleotes”.

“A Creación e a Redención”, de temática relixiosa, constitúe unha *summa* breve do Antigo e do Novo Testamento, e conclúe coa exaltación da importancia da Igrexa e da relixión. É un poema didáctico que relata sumariamente os principais episodios bíblicos e fixa principios de actuación moral.

A inclusión de fábulas e sentenzas responde tamén ao mesmo carácter moralizante e didáctico. Ademais, debemos ter presente que Mirás estaba a seguir o modelo do ensino escolar da gramática, que utilizaba textos similares como o material base de traballo nas aulas da escola primaria, para realizar exercicios gramaticais combinados coa ensinanza moral (Martínez 2012: 386-387).

A “Alborada” final retoma o modelo de recuperación da poesía popular iniciado por Sarmiento e continuado por Rosalía nos *Cantares Gallegos*.

Este conxunto de textos propios, que se viu como unha das rarezas da obra de Mirás, podería en realidade responder á procura da homologación co sistema de ensino da gramática doutras linguas: dada a precariedade editorial da altura, os textos que servirían para ilustrar a descrición gramatical van ir integrados no mesmo volume que a propia descrición. Os textos escritos por Mirás son unha colección de *exempla* para pór de manifesto a necesidade da gramática (os diálogos bilingües), proporcionar ensinanzas de carácter moral (as fábulas) e relixioso (o poema en oitavas reais). Sería pois unha obra concibida baixo o principio de utilidade, mais sen esquecer completamente elementos identitarios, presentes principalmente na “Alborada” e nos diálogos, que ofrecen unha imaxe positiva do labrego, coa que eventualmente se puidesen identificar os campesiños, até no modelo de lingua escollido²⁸.

5.2. A Gramática gallega de Saco Arce

As “Poesías escogidas” que Saco Arce coloca na súa gramática constitúen o segundo dos apéndices da obra. O primeiro é unha colección de “Refranes gallegos” que, en parte, están tomados da *Historia de Galicia* de Murguía (Saco 1868: 263). A súa inclusión é xustificada por seren “las expresiones en que mas vivamente se refleja el genio é índole de la lengua, al mismo tiempo que son el resumen mas exacto y conciso del saber popular” (Saco 1868: 263). A selección de poemas está integrada por “Miña santa Margarida,” e “Adiós ríos, adiós fontes” de Rosalía Castro —ambos co título común “Cantares” e numerados respectivamente como I e II—, “A real familia en Santiago. Cantinela gallega” de José García Mosquera, datado de 1858, “A vida d’o campo. Versión gallega d’a oda d’Oracio *Beatus qui procul negotiis etc.*” tamén de José García Mosquera, “A campana d’Anllons” de Eduardo Pondal, “O desconsolo” e “Nai chorosa” de Alberto Camino, “A boa memoria d’Azara. Himno” de Vicente María Feijoo Montenegro —datada de 1851—, “A Pontevedra. Traducción del francés” de Juan Manuel Pintos, “A fonte d’o Pico Sagro” de Marcial Valladares e “A noite de Navidá” de Luis Corral.

O *corpus* dispoñíbel na altura é relativamente reducido e, en moitos casos, de acceso non fácil. De feito, a correspondencia de Saco Arce con Murguía mostra como o clérigo ourensán lle escribe a 18 de xullo de 1866 para ver de adquirir un exemplar de *Cantares Gallegos* (Barreiro e Axeitos 2003, I: 412). No ano seguinte, a 26 de outubro de 1867, escribe de novo anunciando a súa intención de publicar en breve a gramática galega, e solicita a súa mediación para obter o beneplácito de Rosalía á inclusión de un ou dous poemas de *Cantares* e, de novo, para pedir a súa colaboración no acceso material aos textos:

También, si no le es muy enojoso, le agradecería se sirviera facilitarme una copia impresa o manuscrita de la composición de D. Alberto Camino *Nay chorosa*, y algunas muestras o fragmentos de los escritos de Francisco Añón²⁹ por U. citados con elogio, o indicarme a lo menos donde o cómo podré adquirirlos, si es que están impresos (Barreiro e Axeitos 2003, I: 539).

²⁸ Unha hipótese a considerar é o *Compendio* ir dirixido a un público galego-falante, ese mesmo que en 1884 carecía “hasta de un calendario escrito en dialecto suyo, teniendo casi todos los labradores que comprar el lusitano, por la especie de afinidad que hallan entre su habla y la portuguesa...” (Valladares 1884: VII).

²⁹ Repárese en que o poema de Camino si figura na *Gramática*, non así os de Añón, ignoramos se pola imposibilidade de conseguilos ou porque Saco decidiu excluílos.

Os poemas de Rosalía publicáranse en *Cantares Gallegos*; os de Pondal, Camino, Valladares e Corral, no *Álbum de la Caridad*; o de Pintos vira a luz no xornal *La perseverancia* en 1859. En calquera caso, debemos ter presente como nestes momentos iniciais do Rexurdimento o coñecemento dun ou doutro texto non pasa necesariamente pola existencia dunha fonte impresa, pois continúa a ser moi relevante a circulación manuscrita, de orixinais ou copias, entre particulares. A selección abranxe as décadas de 40, 50 e 60 e, en certa forma, parece estar a propor o canon provincialista ao que se sumarían autores ourensáns cos que Saco tería relación, como García Mosquera, catedrático coma el no Instituto de Ourense, e Feijoo Montenegro³⁰, dos que imprime publicacións, acorde con esa función arquivística que as antoloxías rexurdimentistas desempeñan (González-Millán 2003). Traducións de dúas das linguas de cultura (latín e francés), composicións de asunto relixioso, poesías laudatorias, poemas de carácter intimista e elegíaco, expresión do sentimental, evocación da vida rural serían os asuntos presentes nesta selección en que se pon de manifesto a ideoloxía do compilador e os trazos que estaban a singularizar a produción poética galega.

O título de “Poesías selectas” remitiría ao que Rábade Villar (2004: 51) considera garantía axiolóxica, que sancionaría as escollas operadas como as mellores posíbeis, de acordo co criterio de relevancia. Mais neste caso o autor marca a dependencia da súa selección dun criterio que podería considerarse de ilusión referencialista —o isomorfismo entre o sistema de eleccións referendadas na antoloxía e o conxunto literario que aspiran a representar— canto que, dentro das limitacións impostas pola produción literaria dispoñíbel, pretenden mostrar a variedade de rexistros poéticos da lingua galega:

Las composiciones poéticas que á continuación presentamos como muestra de un gallego, por lo general puro y correcto, prueban también cuan dócil es, y cuan facilmente se doblega nuestro dialecto á la inspiración poética de todos sus tonos, y á qué alto grado de perfección llegaría bajo la pluma de estos y otros escritores, honra de Galicia, si consagrasen exclusivamente su ingenio á cultivar en prosa y verso la lengua de sus antepasados (Saco Arce 1868: 283).

Esta argumentación final coincide coa tese de Murguía a respecto da carencia dunha tradición literaria, que Saco recolle tamén de forma máis explícita nesta nota introdutoria: Galiza “no tiene la fortuna de poseer una de esas literaturas que dan fijeza, brillo é importancia á los idiomas. Y no porque falten ó hayan faltado á Galicia ingenios capaces de hacer brillar su nativa lengua, sino porque á otra más afortunada han ido á rendir los lauros, que para la suya hubieran podido conquistar” (Saco Arce 1868: 283).

5.3. *El habla gallega de Cuveiro*

A selección de textos está integrada na sección de “Sintáxis”, pois o seu obxecto é pór “de manifesto los [modismos] que resaltan mas, ya en prosa, ya en verso, recogidos de varios escritos antiguos y modernos, unos, y tales como se cantan en las aldeas, otros” (Cuveiro Piñol 1868: 38). Inclúe textos da Idade Media á contemporaneidade, presenta diversidade de xéneros e, de todas as compilacións incluídas nas gramáticas, é a única en que os textos seleccionados son comentados, mais non, contra o que puidese parecer, do punto de vista sintáctico.

A selección está formada por uns “Aires populares” —un total de nove cantares—³¹, “O desconsolo” de Alberto Camino, “Saudades” de José Benito Amado, fragmentos d’*A gaita gallega* de J. M. Pintos —en concreto os poemas “A Lanzada” e “O can de vila e o can de palleiro”—, “O chan de Perafita” do Padre Sarmiento —inicio do *Coloquio*—, o anónimo “No figueiral figueiredo”³²

³⁰ Nunha nova carta a Murguía, informarao de que tivo noticia por terceiros de que “se conservan allí [en Allariz] una porción de obras manuscritas del malogrado D. Vicente Feijóo Montenegro ya en poder de su familia, ya de varios particulares: entre dichos escritos se cuentan unas novelas sobre hechos del país que creo se titula *El castillo de Malpica*, varios dramas y muchas monografías” (Barreiro e Axeitos 2003, II: 117).

³¹ Entre eles, tres composicións que Rosalía incluíra en *Cantares Gallegos*: “Airiños, airiños, aires”, “Castillanos na Castilla” e “A rula desque é viuda” —estas dúas con variantes sobre o texto rosaliano. Non se indica a súa procedencia.

³² “El mismo Fr. Martin Sarmiento en sus obras póstumas, cita una copla del siglo XII que pone Brito en su *Monarquía Lusitana*, las que han dado origen al nobilísimo apellido gallego, de Figueroa” (Cuveiro 1868: 71). Antonio Neira de Mosquera xa

(citado por Sarmiento a partir de Brito), “Don Alfonso de Castella” de D. Alonso el Sabio [sic]³³, “Cativo da miña tristura” de Macías e tres documentos de principios do século XIV, dos mosteiros de Melón, de Armenteira e de Oia.

A pesar de que esta selección podería servir para ilustrar un percurso da historia da literatura galega —ou do galego escrito—, non hai referencias cronolóxicas específicas, coa excepción da datación dos documentos e do cantar sobre a orixe dos Figueroa, nin os textos se organizan segundo un fío cronolóxico; en primeiro lugar van os textos poéticos nunha secuencia poesía popular—poesía contemporánea—poesía antiga e, no final, os textos documentais.

Nos comentarios que os acompañan hai notas de carácter lingüístico, que apuntan á enxebreza da escolla: “consignar el carácter de este dialecto, sus giros y hasta amaneramientos” (Cuveiro Piñol 1868: 41), caso do poema de Camino; “sus muchos términos, frases y giros propios del idioma gallego” (Cuveiro Piñol 1868: 43), o poema de Amado; ao seu carácter de repertorio lexical —“por los muchos vocablos que contienen” (Cuveiro Piñol 1868: 52) son escollidos os poemas de Pintos, como Sarmiento nos seus versos “ha reunido muchos términos gallegos” (Cuveiro Piñol 1868: 65) — ou á identidade esencial da lingua por riba dos séculos: “salvo muy pocas excepciones, el lenguaje gallego se conserva aun hoy sin notables alteraciones” (Cuveiro Piñol 1868: 74) como mostran os documentos.

Mais tamén se recollen criterios de canonización literaria: o poema de Camino “merece un lugar preferente ya por su estilo galano á la par que castizo, ya porque ha tenido el honor de la inserción en varios periódicos nacionales y extranjeros” (Cuveiro Piñol 1868: 41), os versos de Macías (“ese trovador gallego, y proverbial en España”) van ser autorizados polas palabras do Marqués de Santillana que dicía del, “non se fablan sinón canciones; pero ciertamente amorosas, é de muy hermosas sentencias” (Cuveiro Piñol 1868: 72). Na relevancia histórica —xunto coa súa antigüidade— parece estar a razón da inclusión do poema relativo á liñaxe dos Figueroa, mentres o poema de Afonso X é colocado en virtude de ser “una de las muchas poesías que D. Alonso [sic] el Sábio compuso en idioma gallego” (Cuveiro Piñol 1868: 72).

Pola súa parte, os cantares serán obxecto dunha lectura que identifica a espontaneidade, a inxenuidade, o carácter non artístico como os seus principais trazos. Neles marcaranse uns valores de base identitaria: no primeiro, está presente “la especie de nostalgia de que se halla poseído el campesino gallego al poco tiempo de encontrarse fuera de su patria” (Cuveiro Piñol 1868: 41) —un elemento tamén presente, aínda que non o mencione, no poema de Amado.

Esta lectura en chave de carácter *nacional*, xunto con outros elementos como a exaltación da terra como paisaxe e natureza, presente no poema de Amado, o marcado carácter sentimental do poema de Camino, a presenza da emigración a Madrid e unha sociabilidade vinculada ao modo de vida tradicional e popular en Sarmiento acaban por configurar un certo imaxinario para a poesía en lingua galega.

Ilusión referencialista e garantía axiolóxica combínanse de novo como criterios constitutivos da antoloxía textual. Canto aos autores, se antes notamos a presenza na selección de Saco Arce de autores ourensáns, aquí é de mencionar a de pontevedreses como José Benito Amado e Juan Manuel Pintos.

Os textos seleccionados por Cuveiro presentan unha maior diversidade que os reunidos nas gramáticas anteriores, cronolóxica, xenérica e temática, tamén porque a súa obra pretende ser algo máis do que unha gramática, atendendo fundamentalmente á perspectiva histórica do desenvolvemento da lingua escrita.

5.4. Os Elementos de Marcial Valladares

Na parte final da súa obra, Marcial Valladares coloca varias coleccións textuais. Dentro da sección “Frase” figura un apartado de “Refranes y decires que suponemos no publicados todavía”

transcribira estas coplas, seguindo a Sarmiento, nun artigo dedicado ao apelido Figueroa e o feudo das cen doncelas en *El Recreo Compostelano* (1842).

³³ É o Prólogo A das *Cantigas de Santa María*, que se publica incompleto.

(Valladares 1970 [1892]: 121-124), unha nova mostra da importancia da paremioloxía nas obras gramaticais do século XIX e de como o repertorio folclórico se integra nas obras gramaticais. A seguir, a “Conclusión” da obra que, en realidade, é unha pequena sección que insiste na corrección de usos defectuosos da lingua (Valladares 1970 [1892]: 124-125) para logo introducir un novo apartado de “Máximas, ó sentencias, de algunos sábios, traducidas al gallego por el autor” (Valladares 1970 [1892]: 125-129)³⁴ e unha tradución ao galego de Gracián, “La fuente de los engaños” (Valladares 1970 [1892]: 128-129).

Finalmente, en sección separada, as “Poesías diferentes”: “A Galicia” de Francisco Añón³⁵; “¡Padrón!...¡Padrón!...” de Rosalía Castro [sic], “O arco d’a vella” de J. Bárcia Caballero, “Lòito” de Alberto García Ferreiro, “Pol-o amor d’as quintas” de Roque Pesqueira Crespo, “Invernía” de Aureliano J. Pereira, “Adiós a Galicia” de Salvador Golpe, “O manco d’a pátrea” de Francisco María de la Iglesia, “Os pescadores” de Amador Montenegro, “¡Pròbe Jan! ¡Pròbe Janiño!” de Enrique Labarta Pose, “Xa vamos vellos” de Eduardo Pondal, “Cántiga” de M. Curros Enríquez, “A Rosalía” de M. Curros Enríquez e “À Virxen dos Doores” de Alfre’o [sic] G. Dóriga.

A selección de autores e de textos está claramente virada á contemporaneidade e a poetas da xeración rexionalista. O texto máis antigo dos colecciónados é o poema de Añón, premiado nos Xogos Florais da Coruña de 1861 e incluído no *Álbum de la Caridad*, e o máis recente o de Alfredo García Dóriga, que se publicara n’A *Monteira* en 1890, cun claro predominio de textos editados na década de 80, en publicacións periódicas, en volume ou en ambas. O poema rosaliano publicárase nas *Follas Novas* (1880); o de Barcia, en *Mesa revuelta. Ensayos literarios* (1883); o de García Ferreiro en *Volvoretas* (1887); o de Pesqueira, en *Galicia. Revista regional* (1887); o de Pereira, en *Cousas d’a aldea. Versos gallegos* (1891); o de Golpe, n’A *Monteira* (1890); o de de la Iglesia, en *El Domingo* (1881); o de Montenegro en *Galicia. Revista Regional* (1889); o de Labarta no volume que recollera os premios no *Certamen literario en las fiestas de San Roque de Betanzos* (1887); o poema de Pondal está incluído nos *Queixumes dos Pinos* (1886); a “Cántiga” de Curros en *Aires da miña terra* (1880) e o poema a Rosalía publicouse no ano 1891 en varias revistas, entre elas *La Patria Gallega*³⁶.

A pesar da existencia dun *corpus* de textos literarios en lingua galega máis amplo e diversificado sobre o que efectuar a selección, Valladares recolle unicamente poemas, outro elemento máis que sinala a centralidade deste xénero no Rexurdimento. Algúns dos autores incluídos agora foran xa distinguidos polo compilador no prólogo ao seu *Diccionario*, cando explica que escribira parte del en 1869, “cuando venido no habían aun al mundo de las letras el periódico *Tio Marcos d’a Portela*; las *Poesías* de aquel; *Espiñas, follas e frores*, de Lamas Carvajal; *Saudades*, del mismo autor; *Aires d’a miña terra*, de Curros Enríquez; *Follas novas*, de la señora Castro de Murguía; *Versos*, de Perez Ballesteros; *Risas y lágrimas*, de Marcos Santos; *Fonte d’o xuramento*, de D. Francisco Maria de la Iglesia y *Mesa revuelta* de Barcia Caballero” (Valladares 1884: VIII).

No *Diccionario* Valladares incluía 114 citas literarias, todas en verso, de 33 autores diferentes, coetáneos seus, sendo Turnes o máis vello, e Lago González o máis novo (Fernández Salgado: 2004). Unha parte dos poetas incluídos nas “Poesías escogidas” están tamén entre os citados no *Diccionario*: os que non están son Alberto García Ferreiro, Roque Pesqueira Crespo, Amador Montenegro, Enrique Labarta Pose e Alfredo García Dóriga, a maior parte deles nados na década de 60 e con volumes de poesía galega publicados logo da edición do *Diccionario*.

³⁴ Os autores traducidos, algúns con varias máximas, son Napoleón, Condesa de Alviná, Chateaubriand, Goldsmith, Bossuet, Larra, Franklin, Saint-Pierre, La Bruyere, Curioso Parlante, Condesa de Genlis, Lamartine, Guizot, Brown e La Bruyere, sen indicación de procedencia das sentenzas.

³⁵ Na edición de Galaxia hai un erro na reprodución do poema: falta a identificación da autoría de Añón e os versos finais do poema (“Ti serás miña doce memoria;... / ¡Mesmo entrar non quixera n’a gloria / Sin primeiro pasar por ahí!”), que se solapan cos do poema de Rosalía de Castro “Padrón, Padrón”, de forma que este aparece truncado no seu inicio (falta a parte I e os versos primeiros da parte II): temos así a secuencia de versos “Por diversos países que’éu vaya, / simeterio encantador, / c’os teus olivos escuros, mais vèllos que os meus abós;” (Valladares 1970 [1892]: 135).

³⁶ Só citamos as edicións na prensa periódica cando non houbo —que saibamos— edición en volume. Tomamos os datos da *Cronoloxía da literatura galega (1801-1900)* <<http://croliga.udc.es>>. Último acceso: 10.1.2016.

A selección procura unha certa diversificación nos poemas seleccionados, a pesar do predomínio do ton elexíaco e sentimental, con espazo para o poema de tema patriótico, o ambiente e os tipos populares, a descrición paisaxística e o asunto relixioso. E sinala claramente o lugar antolóxico como propio da poesía culta, ao non incluír ningún cantar popular.

En suma, a selección de Valladares mostra a poesía como determinación xenérica, a preferencia por poemas e poetas contemporáneos á fase final de redacción dos *Elementos*, a utilización da prensa periódica como fonte para elaborar a súa colección, unha certa diversificación temática e a aparición de Rosalía como figura central do canon poético.

6. CABO

A presenza da literatura nas gramáticas galegas do século XIX é moi relevante, principalmente polo uso de citas literarias na descrición gramatical e polas coleccións de textos que todas elas inclúen. O discurso xeral sobre a literatura é, pola contra, case inexistente, fóra dalgunhas referencias á tradición literaria (Cuveiro), da incitación a participar no rexurdimento poético (Saco) ou dos comentarios que acompañan os textos coleccionados (Cuveiro).

As citas literarias integradas no discurso gramatical proceden da poesía contemporánea (Saco, Valladares), da tradición popular (Saco, Cuveiro, Valladares) e, só no caso de Saco Arce, do *Coloquio* de Sarmiento e de autores precedentes. A súa función pode ser tanto a de autorizar os usos propostos, no caso da poesía popular xeralmente, como a de censuralos ou desautorizalos, como acontece na maior parte das citas de textos poéticos contemporáneos —sen mención de autoría—, e de forma particular na obra de Valladares.

As coleccións de textos colócanse en seccións claramente diferenciadas do espazo do discurso gramatical, contribuíndo así a establecer a literatura como o ámbito do prestixio e da lexitimación da reivindicación lingüística, fronte a unha norma baseada no uso oral. Os textos coleccionados, principalmente poéticos e de carácter culto, responden a un principio de selección máis que de compilación e institúen propostas canonizadoras de autores, textos, xéneros e temas, á par que contribúen a configurar os trazos dunha identidade diferenciada.

Nun momento en que se está a producir unha articulación da conciencia nacional, as gramáticas adquiren relevancia pola súa propia existencia, e teñen unha forte dimensión simbólica que explica a confluencia nelas dos discursos e dos materiais que van articular unha imaxe (proto)nacional: a lingua, mais tamén, e de forma principal, a literatura. Así a tarefa gramatical adquire unha dimensión patriótica da que Saco, Cuveiro e Valladares parecen ser plenamente conscientes.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Barreiro Fernández, Xosé Ramón / Xosé Luís Axeitos (2003): *Cartas a Murguía*, vol. I. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Carballo Calero, Ricardo (1981): *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)*. Vigo: Galaxia.
- Cubí y Soler, Mariano (1861): "Introducción", en Antonio Fernández y Morales, *Ensayos poéticos en dialecto berciano*. León: Establecimiento tipográfico de la viuda e hijos de Miñon, III-XXXV.
- Cuveiro Piñol, Juan (1868): *El habla gallega. Observaciones y datos sobre su origen y vicisitudes*, Pontevedra: José A. Antúnez.
- Cuveiro Piñol, Juan (1876a): *Diccionario gallego*. Barcelona: Establecimiento tipográfico de N. Ramírez y C^a.
- Cuveiro Piñol, Juan (1876b): *El habla gallega. Observaciones y datos sobre su origen y vicisitudes*. Barcelona: Establecimiento tipográfico de N. Ramírez y C^a. 2ª edición.
- Fedro (1998): *Fábulas*, tradución de Xosé Carballude Blanco, Xosé M^a Liñeira Reboredo, Rosa M^a García Vilariño. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Fernández Salgado, Benigno (2000): *Os rudimentos da lingüística galega. Un estudio de textos lingüísticos galegos*. Anexo 47 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.

- Fernández Salgado, Benigno / Xosé Antonio Fernández Salgado (2002): "Francisco Mirás e a primeira gramática galega", en Miguel Angel Esparza Torres / Benigno Fernández Salgado / Hans-Josef Niederehe (eds.), *Estudios de historiografía lingüística. Actas del III Congreso Internacional de la Sociedad Española de Historiografía Lingüística, Vigo, 7-10 de febrero de 2001*, vol. I. Hamburg: Helmut Buske, 139-152.
- Fernández Salgado, Xosé Antonio (2004): "As citas de autor no *Diccionario* de Marcial Valladares", en Rosario Álvarez / Antón Santamarina (eds.), *(Dis) cursos da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 237-257.
- Fernández Salgado, Xosé Antonio (2005): *Marcial Valladares. Biografía dun precursor no Rexurdimento galego*. Pontevedra: Deputación Provincial.
- Fernández y Morales, Antonio (1861): *Ensayos poéticos en dialecto berciano*, León: Establecimiento tipográfico de la viuda e hijos de Miñón.
- Figueroa, Antón (2001): *Nación, literatura, identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia*. Vigo: Xerais.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón / Xosé Manuel Sánchez Rei / Goretti Sanmartín Rei (2005): *A lingua literaria galega no século XIX*. A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade.
- González Seoane, Ernesto (1998): "Avances na estandarización do galego no século XIX", en Dieter Kremer (ed.), *Homenaxe a Ramón Lorenzo*. Vigo: Galaxia, 555-567.
- González-Millán, Xoán (2001): *O dicionario enciclopédico de Eladio Rodríguez. A canonización lexicográfica da literatura galega*. Vigo: Xerais.
- González-Millán, Xoán (2003): "La articulación del discurso antológico gallego en el siglo XIX", *Bulletin of Hispanic Studies* 80/4, 485-508.
- González Seoane, Ernesto (1992): *A ortografía e a gramática do galego nos estudos gramaticais do s. XIX e primeiros anos do XX*. Tese de doutoramento: Universidade de Santiago de Compostela.
- Hermida, Carme (1992): *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)*. Vigo: Xerais.
- López, Teresa (1991): *Névoas de antano. Ecos dos cancioneros galego-portugueses na Galicia do século XIX*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Mariño Paz, Xosé Ramón (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Martínez Jiménez, Xorxe (2012): "Francisco Mirás, notas biográficas e apuntamentos sobre o *Compendio* e o seu tempo", *A Trabe de Ouro* 91, 371-388.
- Mirás, Francisco (1864): *Compendio de gramática gallega-castellana, con un vocabulario de nombres y verbos gallegos y su correspondencia castellana, precedido de unos diálogos sobre diferentes materias. Un grandioso poema de 100 octavas titulado 'La creación y redención: Un extracto de Fábulas de los mejores fabulistas así como algunas del autor*. Santiago: Establecimiento tipográfico de Manuel Mirás.
- Monteagudo Romero, Henrique (1999): *Historia social da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Murguía, Manuel (1865): *Historia de Galicia*. Lugo: Soto Freire.
- Rábade Villar, María do Cebreiro (2004): *As antoloxías de poesía en Galicia e Cataluña. Representación poética e ficción lóxica*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Rodríguez Rodríguez, Manuel (1892-1893): "Declinación gallega", *Galicia. Revista regional*, 5 (11.1892), 267-275; 6 (12.1892), 335-345; 7 (1.1893), 385-390; 8 (2.1893), 461-469; 9 (3.1893), 525-528.
- Rodríguez Rodríguez, Manuel (1900): "Apuntes gramaticales sobre el romance gallego de la *Crónica Troyana*", en A. Martínez Salazar, *Crónica Troyana. Códice gallego del siglo XIV de la Biblioteca Nacional da Madrid*. A Coruña: Imprenta de la Casa de la Misericordia, I, pp. 1-87.
- Saco Arce, Juan A. (1868): *Gramática gallega*. Lugo: Imprenta de Soto Freire.
- Santamarina, Antón (coord.): *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/TILG/> [Consultado: 10/01/2016].
- Thiesse, Anne-Marie (2000): *A criação identidades nacionais*, tradución de Sandra Silva. Lisboa: Temas e debates.
- Valladares, Marcial (1884): *Diccionario gallego-castellano*. Santiago: Imprenta del Seminario Conciliar Central.
- Valladares, Marcial (1970 [1892]): *Elementos de gramática gallega*. Vigo: Galaxia / Fundación Penzol.
- Varela Suanzes-Carpegna, Álvaro (2001): "As antoloxías literarias galegas: do Rexurdimento a 1936", *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1999, 69-102.